



Kevin comparte con Nerea un conto en Power Point, e indícale cando debe premer coa meixela no botón para ir pasando as diapositivas

A discapacidade entendida como un reto

Nerea é unha nena de tres anos que ten unha dependencia case total dos demás. Precisa unha máquina para respirar, non se pode mover, nin coller obxectos e, cando chegou á escola, as previsións dos especialistas apuntaban que non conseguiría falar. Neste artigo explícase como os profesores e profesoras que a atenden, decidiron afrontar a situación como un reto e se organizaron nun grupo de traballo para estudar convuntamente a maneira de axudala. A experiencia resultou un éxito, tanto para a rapaza como para os docentes, que grazas a Nerea aprenderon a vencer os medos e a responder axeitadamente a unha realidade que nun principio parecía imposible.

Si, neste caso as dificultades tornáronse en fonte de aprendizaxe. Nerea non imaxina o que nos valeu para poder nós continuar. Coas súas ganas de coñecer, a ledicia ante cada pequeno avance e a loita constante para superar os obstáculos, logrou xuntar forzas. Os alumnos, os mestres, os especialistas, o Equipo de Orientación Específico e a propia familia fixaron metas e puxeron todas as súas capacidades e entusiasmo en acadalas. E así se produciu o milagre.



As necesidades de Nerea

Era evidente que o acceso ao currículo desta alumna pasaba por facilitarle a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e, áinda que a vontade de axudala a tiñamos dende o primeiro, necesitábamos formación para achegarlle un programa que non se podería desenvolver sen os coñecementos e destrezas para uso. Por outra banda, había que potenciar os aspectos afectivos e de relación interpersonal e social que favorecesen un traballo cooperativo e participativo, considerando sempre as posibilidades reais desta alumna.

Tratábase, polo tanto, de crear liñas de traballo colaborativo e de elaborar materiais e recursos que, servindo para a súa aprendizaxe, fosen accesibles tamén para os seus compañeiros. En principio, tiñamos que lograr que Nerea avanzase nas áreas manipulativa, perceptiva, cognitiva lingüística, de autonomía persoal e social e de autoestima. Escollemos esta modalidade de formación pensando en que o titor da rapaza e, xa que logo, a persoa máis implicada no tema, podía asesorarnos no emprego das novas tecnoloxías. El podía asumir parte das horas de docencia, áinda que obtiveramos outras por vía externa ao centro.

Algúns mestres formámonos no manexo de programas, que nin coñecímos. Tamén hai que dicir que os nosos deseños por descubrir o que nos podían achegar as ferramentas fixeron doada a tarefa. Preparamos presentacións en Power Point. Para iso utilizamos programas, como o Notebook, Audacity, XmView, Smart Board ou Kanghooru; aprendemos a usar o escáner, a gravar sons, a facer montaxes e traballos que Nerea puidese controlar soa por medio dun botón fixado á cadeira na que se despraza. Debemos salientar, tamén, a enorme paciencia do titor, que asumió dende o principio a dirección técnica, e que nos sacaba adoitó dos atrancos tecnolóxicos nos que caímos.

Estratexias e recursos organizativos

Nesta experiencia foi fundamental a boa coordinación de todo o profesorado que dalgunha maneira intervién na educación da nena, tanto do persoal que a atende a diario (titor, mestra de Pedagogía Terapéutica, mestra de Audición e Linguaaxe, especialistas de Relixión e de Música) como daqueloutros que nalgún momento da xornada prestan apoio na aula. Incluímos aquí o resto dos docentes, a coñadadora, unha DUE (Diplomada Universitaria en Enfermaría), os compañeiros e a familia. Pensamos que é a única maneira de consensuar todos aqueles aspectos que poden mellorar a súa aprendizaxe. Neste sentido cómpre destacar a estreita colaboración que mantivemos coa familia e a súa actitude participativa, así como o apoio do equipo directivo, que coopera en todo o que se lle propón e na achega de calquera tipo de material para a aula.

Era evidente que tiñamos que traballar no eido individual, pero tamén establecer liñas de traballo coordinado con toda a comunidade. Á alumna había que garantírille o acceso ao contorno, aproximarlle os estímulos e prever como o íamos atinxir, pois estabamos ante unha nena con graves limitacións motóricas e serias dificultades perceptivas. Cumpría estimular unha actitude activa, promover unha maior autonomía, limitando a dependencia dos adultos, e desenvolver competencias de relación cos iguais. Con este fin impulsamos espazos de xogo compartido e tamén individual (tempo de lecer persoal).

Por último, pretendímos normalizar as actuacións con estratexias e recursos que tomaran como referente o grupo de iguais. En definitiva, garantir o acceso ao currículo, fomentando o desenvolvemento cognitivo, a participación activa, as habilidades sociais e unha axeitada autoestima. Pensamos que esa era a forma preferible de mellorar a súa calidade de vida.

Atopamos atrancos na relación cos iguais, derivados, non só das propias limitacións da nena, senón tamén de condicións ambientais. Na aula de infantil de 4 anos non estaba adaptado o baño. Por outra banda, non dispoña de acceso por rampas ao primeiro andar do edificio nin ao pavillón, o que lle impedia asistir ás sesións lúdicas da tarde. A existencia de dous patios cubertos, un de area para infantil e dous con xardíns, tampouco facilitaba a necesaria relación cos iguais durante o recreo, xa que o desprazamento en cadeira de rodas pola area resultaba imposible.

Para superar esta situación aproveitamos os espazos de traballo grupal, como actividades no taller de maduración de linguaxe oral, e deseñamos actividades para todo o grupo, a través do ordenador e da pantalla dixital. Deste xeito promovíase unha maior interrelación entre a rapaza e os compañeiros e compañeiras, e podía adoptar un papel máis activo na aula, para o que propuxemos alternar pequenos tempos de xogo persoal con momentos de actividade de compartida. Tamén tiñamos que pedir a colaboración da familia a fin de que xerase na casa habilidades de maior autonomía e menor dependencia do adulto.

O profesorado, pola súa parte, debía avaliar as necesidades educativas e coñecer as posibilidades que ofrecen as axudas técnicas (botón, rato adaptado, programa de varrido), consensuar criterios e estratexias de intervención e elaborar materiais que, sendo útiles para a rapaza, puidesen ser utilizados tamén polos compañeiros da clase. Tampouco quedaba fóra do proxecto o persoal non docente. A súa participación era importante porque, tanto a coñadadora como a DUE están en contacto permanente con

ela, e porque amosan unha clara actitude colaborativa no centro.

No curso 2006/2007 incorporamos o uso do ordenador, acompañado dun botón como elemento de acceso cun programa de varrido. Ao ano seguinte, e tendo en conta o alto nivel de motivación que presentaba a alumna, pensamos na necesidade de deseñar materiais adaptados para non limitar a súa aprendizaxe. Tamén o demandaban os especialistas, por carecer de recursos nas súas aulas.

O curso pasado deseñouse unha mesa adaptada con escotadura, soporte elevado e panel inclinado, por mor do bascular da cadeira de rodas e das dificultades motoras cos membros superiores e a cabeza. A idea era facilitar o acceso visual aos estímulos: xogos, fichas de traballo e material utilizado por todo o grupo de compañeiros. De acordo co especialista, solicitamos a intervención do Servizo de Atención Temprá que prescribiu, logo dunha avaliación técnica, un botón de bambeo para ser activado con movementos laterais de cabeza, brazo articulado como soporte do botón, un rato adaptado e programas de varrido (programa Kanghooru do Proxecto Fressa) como elemento de acceso ao ordenador.

O que nos achegou o grupo de traballo

No lado máis afectivo, o mellor do proxecto é o claro progreso que observamos na aprendizaxe da alumna, así como as repercusións tan favorables nos compañeiros, ao empregar un material interesante e útil noutros grupos. O resultado máis positivo, referente á formación do profesorado, é o feito de adquirir unha cultura organizativa na que quedan establecidos momentos para a reflexión.

A posta en práctica de procesos de avaliación deunos a ocasión de aprobar por consenso unha filosofía de

traballo coherente, nun tema tan importante como é a resposta á diversidade, que hoxe temos xa reflectido no PEC. Fomentouse a relación social entre o profesorado pertencente ao grupo, a iniciativa cara á mellora de estratexias cooperativas e a busca de novos medios de traballo para desenvolver os contidos. Isto funcionou de tal modo, que solicitamos un Plan de formación en centro que estamos a levar a cabo neste momento, e se antes eramos nove, agora somos dezoito. É más que evidente que Nerea supuxo e supón un gran reto que posibilitou a realidade presente arrestera nesta escola.

Bibliografía

CARDONA M., GALLARDO JAÚREGUI, M.^a e SALVADOR LÓPEZ, M.^a L. (2001) *Adaptemos la escuela. Orientaciones ante la discapacidad motórica*. Málaga, Aljibe.

ECHEITA, G. (2006) *Educación para la inclusión o educación sin exclusiones*. Madrid, Narcea.

GALLARDO JÁUREGUI, M.^a. V. e SALVADOR LÓPEZ, M.^a L. (1994) *Discapacidad Motórica. Aspectos psicoevolutivos y educativos*. Málaga, Aljibe.

CENTRO DE RECURSOS DE EDUCACIÓN ESPECIAL DE NAVARRA (CREENA: equipo de Motóricos) (2000) *Necesidades Educativas Especiales: Alumnado con Discapacidad Motórica*. Pamplona, Gobierno de Navarra. Dispoñible en Internet.

XUNTA DE GALICIA. *Alumnado con discapacidade motora. Orientacións e respostas educativas*. Disponible en Internet.

www.edu.xunta.es



A emoción de aprender

Nerea quería escribir e pintar soa, sen axuda, pero como conseguiu se dependía para todo dos demás? O momento máis emotivo chega cando, cun adaptador e tras mil intentos, consigue facer a primeira ficha ao mesmo tempo que os outros rapaces e rapazas. Tamén se amosa feliz rodeada dos seus compañeiros e accionando un pulsador adaptado para pasar as páginas dos contos de Power Point, preparados especialmente para que poida participar nas tarefas da clase. O mesmo fai ante o encerado dixital, incluso neste caso chega a despistarse, talvez intencionadamente, para que o resto lle reclame unha acción que permita avanzar na actividade. Os compañeiros íntana para que o faga. Kevin, sentado ao pé dela, ante o mínimo atraso, ordénalle: "dálle, dálle". Por unha vez Nerea era importante, sobre todo, naqueles momentos nos que todos dependían dela.

Más información

<http://centros.edu.xunta.es/ceip-demeanhoascovas/>

Forman o grupo de traballo do CEIP As Covas, Meaño*

Nome e apelidos	Nivel e ciclo	Especialidade
Raquel Vilanova de la Torre	infantil - primaria	Relixión
José Manuel Sánchez Moure	educación infantil - 4 anos	Educación Infantil
María José Gayoso Río	educación infantil - 5 anos	Educación Infantil
José Manuel Vales Lozano	4º educación primaria	Primaria
Maria Areán Fernández	infantil - primaria	Pedagoxía Terapéutica
Laura Iglesia Vila	infantil - primaria	Audiovisual e Linguaxe
Alberto Giadanes Abel	infantil - primaria	Música
Roser Villar Moreno	1º educación primaria	Primaria
M.ª Carmen Ameijeiras Recuero	2º educación primaria	Primaria
Pedro Alberto Padín Solla	educación primaria	Primaria
Isabel Seijas Santamaría	Coidadora	
Alia Fernández	DUE	

Os cambios de postura que precisa Nerea aproveítanse para realizar actividades nas que participa toda a clase

